



# BOP

SÁBADO, 23 DE NOVIEMBRE DE 2019

N.º 269

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA.  
SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

#### *Anuncio*

Alfonso Ramos Alvarez (DNI 76570625 Z), solicita a segregación do tecor San Xoán de Becerreá (LU-10016) de diversas leiras da propiedade de Francisco Ramos Alvarez, Emilio Ramos Alvarez, Manuel Ramos Alvarez e Alfonso Ramos Alvarez, no termo municipal de Becerreá, que totalizan 120,27 hectáreas de terreo.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 15 de outubro de 2019.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 3505

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVICIO DE AUDIOVISUAIS

#### *Anuncio*

O Pleno da Excma. Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2019 aprobou definitivamente o Regulamento de funcionamento do servizo de audiovisuais da Deputación de Lugo cuxo texto íntegro e o seguinte.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

#### CAPIÍTULO I

#### DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Artigo 2.- Fins da actividade do servizo.

O Servizo de Audiovisuais é un servizo impulsado pola Deputación de Lugo co obxectivo de desenvolver iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo, o patrimonio material e inmaterial da mesma e promover e levar a cabo actividades dirixidas ao fomento da educación, a investigación e o desenvolvemento do audiovisual.

Artigo 3.- Organización.

O servizo estrutúrase nas seguintes áreas funcionais:

- a) Centro de Formación de Audiovisuais
- b) Centro de Produción de Audiovisuais

1.- O Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo está dirixido pola xefatura do servizo, as unidades administrativas, que se determinan na relación de postos de traballo, así como o persoal que preste os seus servizos nos centro anteriormente descritos.

2.- O servizo depende organicamente da Área de Presidencia.

3.- O persoal depende orgánica e funcionalmente da xefatura servizo.

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo.

5.- A xefatura do servizo será de acordo co establecido na Relación de persoal da entidade, aprobada por acordo do Padroado, cuxa actividade é asumida pola Deputación de Lugo.

6.- O servizo está constituído polos docentes, técnicos e persoal de administración e servizos e estruturado nos centros nos que se divide, e que están conectados entre si, cun funcionamento transversal.

Artigo 4.- Funcións.

Son funcións do Servizo de Audiovisuais.

- a) Fomentar, promover e executar os estudos, propostas, programas, certames, intercambios e contactos nacionais e internacionais, congresos, seminarios, xornadas, publicacións, bolsas e calquera outro tipo de actividades dirixidas a poñer en valor o audiovisual na provincia de Lugo.
- b) Prestar apoio técnico, formativo e promocional para que todas aquelas accións vinculadas co audiovisual, contén con recursos que lles permitan superar as dificultades iniciais que pode supor a promoción destas iniciativas.
- c) Impulsar accións dirixidas a desenvolver proxectos para difundir o labor dos colectivos con dificultades de integración social, ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas e empresas audiovisuais, mediante a realización de actividades neste ámbito.
- d) Fomentar, promover e executar accións destinadas á alfabetización dixital dos lucenses.
- e) Divulgar as actividades e actuacións da Deputación de Lugo a través de contidos audiovisuais.
- f) Favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual colaborando na realización de actividades de promoción da provincia de Lugo e os seus Concellos.
- g) Prestar asesoramento e apoiar, de acordo co instrumento xurídico apropiado en cada caso nas materias da súa competencia.
- h) A responsabilidade directa da xestión de centros educativos de formación e de ensinanza en todas as súas ordes, regrada e non regrada, directamente ou a través de convenios, contratos ou formas de xestión que sexan realizados pola Deputación provincial de Lugo.
- i) Xestionar as colaboracións que a Deputación provincial de Lugo acade, de xeito especial coas administracións e entidades con responsabilidade e competencias no audiovisual, no campo da educación, da produción e da formación en materia audiovisual.

En ningún caso a actividade do Servizo de Audiovisuais terá como destinatarios a organizacións políticas ou organizacións sindicais.

## CAPÍTULO II- CENTRO DE FORMACIÓN DE AUDIOVISUAIS.

Artigo 5.- Fins do Centro de formación de audiovisuais

O Centro de Formación de Audiovisuais realizará, con base nos fins xerais do servizo as actividades de formación e educación no eido do audiovisual.

Artigo 6.- Funcións do Centro de formación de audiovisuais.

As funcións a desenvolver polo Centro de Formación de Audiovisuais serán:

1. Manter unha oferta académica vangardista e de calidade.
2. Ampliar a formación dos alumnos, ex alumnos e usuarios mediante o desenvolvemento dun programa formativo complementario e extraescolar máis en sintonía co novo modelo das industrias audiovisuais.
3. Potenciar a formación para o emprendemento propoñendo a celebración de xornadas de encontro con empresas, incluíndo na oferta académica competencias emprendedoras na formación como un estímulo para posteriormente desenvolver este tipo de aptitudes e comportamentos para o emprendemento, con accións que busquen a formación en competencias básicas, competencias laborais, cidadás e competencias empresariais dentro do sistema educativo formal e non formal e a súa articulación co sector produtivo.
4. Promover o intercambio de experiencias cos "Campos Mixtos": Intensificar as relacións coa universidade e con outros centros nacionais implicados na formación dentro do campo da comunicación e audiovisual.
5. Deseñar fórmulas que faciliten a inserción laboral atendendo ás necesidades do ensino e aprendizaxe de todos os participantes na educación e Formación Profesional.
6. Asesorar aos centros educativos na educación en comunicación audiovisual.
7. Promover actividades formativas de alfabetización dixital do colectivo dos maiores.

8. Deseño e proposta dun plan de formación propio para o persoal do servizo mediante un programa formativo que permita manter unha constante actualización dos coñecementos teóricos e prácticos en materia audiovisual.

#### CAPÍTULO III- CENTRO DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS

Artigo 7.- Fins do centro de produción de audiovisuais.

O Centro de Produción de Audiovisuais realizará, con base nos fins xerais do servizo as actividades de produción, difusión e divulgación.

Artigo 8.- Funcións do Centro de produción de audiovisuais

As funcións a desenvolver polo Centro de Produción de Audiovisuais serán:

1. Difusión da cultura e posta en valor do patrimonio material e inmaterial dos Concellos, que por si sos e de formada illada non poden asumir.
2. Impulsar accións dirixidas a desenvolver proxectos para difundir o labor dos colectivos con dificultades de integración social, ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas, mediante a realización de proxectos audiovisuais.
3. Sen prexuízo das funcións do servizo de comunicación da Deputación, reservada ao gabinete de comunicación, corresponde ao servizo xerar, para difundir e distribuír, contidos audiovisuais que faciliten o coñecemento dos programas de actuación da Deputación de Lugo.
4. Colaboración cos Concellos da provincia na realización de actividades de promoción como un instrumento para favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual.
5. Dar asesoramento e apoio en materia audiovisual e técnica aos Concellos que así o soliciten.
6. Captación de producións audiovisuais, nacionais e internacionais, a favor desta provincia.
7. Colaboración en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de pre-produción e rodaxe a provincia de Lugo.
8. Crear producións propias xerando materiais innovadores de uso educativo ou divulgativo e reforzar o valor da comunicación local e autonómica.
9. Potenciar o banco de recordos “Memoria dixital Lugo”.
10. Recuperación, catalogación, custodia, dixitalización, distribución e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual da Deputación de Lugo.
11. Xerar melloras na calidade das instalacións e dos recursos materiais que redunden na mellora das actividades do servizo.

#### CAPÍTULO IV- DESTINATARIOS DAS ACTIVIDADES DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Artigo 9. Destinatarios da actividade do Centro de Formación de Audiovisuais.

Os destinatarios da actividade formativa do Centro de Formación serán os seguintes:

- a) En relación coa formación regrada, os solicitantes que reúnan os requisitos establecidos pola normativa ditada polos órganos competentes en materia de educación.
- b) En relación coa formación no regrada, alumnos , ex alumnos da Escola de Imaxe e Son da Fundación TIC, así como persoas maiores, na forma que se determine en cada unha das convocatorias.

Artigo 10. Selección dos beneficiarios do Centro de formación.

- En relación coa ensinanza regrada, o criterio de selección será estar en posesión da titulación esixida para o acceso á formación profesional de grao superior. Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo.
- En relación coa ensinanza non regrada, os criterios de selección serán os que se determinen na correspondente convocatoria.

Artigo 11. Destinatarios da actividade do Centro de Produción de Audiovisuais.

Los destinatarios da actividade do Centro de Produción, serán os seguintes:

- a) Alumnos e ex alumnos do centro educativo.
- b) Asociacións sen ánimo de lucro.
- c) Colectivos con dificultades de integración.
- d) Entidades culturais, deportivas, públicas e privadas.
- e) Empresas de produción audiovisuais e creativas.

- f) Medios de comunicación audiovisual.
- g) Centros educativos, de todos os distintos niveles.
- h) Concellos da provincia de Lugo.

Artigo 12. Selección de destinatarios do Centro de Produción de Audiovisuais e normas de tramitación.

Os criterios para a determinación das actuacións a realizar polo Centro de Produción de Audiovisuais serán os seguintes:

- 1º.- As actividades do Centro de Produción de Audiovisuais irán dirixidas, con carácter prioritario, a atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais.
- 2º.- A actualidade do contido da información en relación cos fines do servizo.
- 3º.- Iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo e o seu patrimonio material e inmaterial da mesma.
- 4º.- Orde temporal da solicitude.

Tódalas actividades realizadas polo servizo así como a súa priorización de acordo cos criterios anteriores serán realizadas en función da dispoñibilidade dos medios materiais e persoais adscritos, sempre baixo os criterios de outorgar a máxima atención á totalidade dos Concellos da provincia.

As solicitudes da realización das actuacións por parte do Centro de Produción de Audiovisuais e realizaranse mediante formato electrónico, e a súa denegación deberá ser comunicada, en dito formato, aos solicitantes.

Artigo 13.- Selección de destinatarios de apoio técnico.

Cando se solicite o apoio técnico (medios persoais e/o materiais) por Concellos e entidades, os criterios para a súa autorización serán os seguintes:

- a) Con carácter prioritario atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais
- b) Dispoñibilidade de medios persoais e materiais
- c) Adecuación de medios ás actividades solicitadas

Publicación que se realiza de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lugo, 16 de novembro de 2019.- A SECRETARIA XERAL P. S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3517

## CONCELLOS

### BÓVEDA

#### *Anuncio*

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2019**

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía de data 13/11/2019 o Padrón Fiscal correspondente á Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2019, que queda exposto na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII nº.: 85 de Bóveda, durante o prazo de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta, de A BANCA, nº ES78-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), **facendo constar: 671/2019 VADO 2019.**

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectuou o pago, as débedas esixíranse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderá interpor o recurso de reposición a que se refire o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por quenda de repartición correspóndalle, no prazo de dous meses contados da notificación. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime conveniente ao seu dereito.

Bóveda, 14 de novembro de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 3506

## O INCIO

### *Anuncio*

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo do Concello Pleno, adoptado en sesión de data 24 de setembro de 2019, de aprobación provisional do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

De conformidade co disposto no art. 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto integro da ordenanza fiscal, sin que ésta entre en vigor ata que se teña feito a dita publicación.

Contra as ordenanzas fiscais poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no art. 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Incio, 15 de novembro de 2019.- O ALCALDE, Héctor Manuel Corujo González.

### **ORDENANZA N.º 1**

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

##### **Artigo 1º.- Concepto**

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 61, 62.4, 72, 74.4 e 77.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o tipo de grave do Imposto sobre Bens Inmóbeles, aplicable a este Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

##### **Artigo 2º.- Tipo de gravame**

1.O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbeles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40 por cento.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens inmóbeles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 por cento.

3. O tipo de gravame dos bens inmóbeles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

##### **Artigo 3º. Exencións.**

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, establecense as exencións seguintes:

1º.- Os inmóbeles urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a **dous euros**.

2º. Os inmóbeles rústicos sitos neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeito pasivo cando cotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a **dous euros**.

## **Artigo 4º.- Bonificacións.**

### **4.1 Bonificacións rogadas.**

#### **4.1.1 Bonificacións por situación familiar.**

Os suxeitos pasivos que de conformidade coa Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán das bonificacións seguintes:

Familia numerosa categoría xeral:

- Bonificación do 80% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana.
- Bonificación do 80% na cota agrupada do Imposto sobre Bens inmóbles de natureza rústica.

Familia numerosa de categoría especial

- Bonificación do 90% na cota íntegra do Imposto sobre Bens de natureza urbana.
- Bonificación do 90% na cota agrupada do Imposto sobre Bens de natureza rústica.

A concesión das bonificacións establecidas neste apartado realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda, nos termos establecidos no art. 4 da Lei 40/2003 de 18 de novembro (B.O.E. núm. 277 de data 19/11/2003).

As bonificacións establecidas neste apartado terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

#### **4.1.2 Bonificacións ás explotacións agrarias.**

1.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estén ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total ou exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmóble existan, ademais das construcións indicadas no párrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación de 50% da cuota íntegra do imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

3.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmóble.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante de recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4.- O interesado deberá comunicar ao Concello calquera modificación na situación da súa explotación que poda afectar a este imposto.

5.- O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

#### **4.1.3 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego.**

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes:

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercizos orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercizos de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.-Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.
- Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente a súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo ) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

#### 4.2.- Bonificacións obxectivas.

De conformidade co art. 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor dos solares non edificadas existentes no Solo de Núcleo Rural.

As bonificacións nas cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmóveis serán compatibles con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar este Concello.

#### Art. 5º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, Subsección 2ª, do Capítulo II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , concordantes e complementarios do mesmo, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

#### DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal foi modificada polo pleno en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2019 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 3507

MURAS

*Anuncio*

#### MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para a selección dun/ha traballador social mediante oposición, en réximen de persoal laboral fixo, de acordo co establecido na base 6ª

da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aproba-la lista de aspirantes admitidos que a seguir se relacionan:

Admitidos:

NOME E APELIDOS	DATA PRESENTACIÓN	DNI
MARIA JOSE OTERO VAAMONDE	06.11.2019	****8080Z
JORGE MARTINEZ MORATO	11.10.2019	****4338G
LORENA BOUZA PIÑON	14.10.2019	****7304B
MARIA DOLORES MOURELOS CANEDA	14.10.2019	****2504T
DIANA FERNANDEZ CANDIA	14.10.2019	****8984H
LORENA BERREIRA BERREIRA	15.10.2019	****0227R
EMMA LAMAS MACEIRA	15.10.2019	****1148Y
ESTEFANIA RODRIGUEZ PEREIRA	15.10.2019	****0372L
SARA NOVOA DIAZ	16.10.2019	****6438W
JORGE RIAL MARTINEZ	17.10.2019	****7751Q
FLAVIA RODICIO FUENTES	17.10.2019	****2723D
MIGUEL ALEJANDRO VARELA FERNANDEZ	17.10.2019	****1313E
MONICA CANEDO JANEIRO	19.10.2019	****7655M
Mª INMACULADA RODRIGUEZ VILLAVEIRAN	22.10.2019	****0955Y
ESTELA SANCHEZ RODRIGUEZ	22.10.2019	****9849C
BEATRIZ PEREIRO SORDO	23.10.2019	****5782J
ANA MARIA MARTINEZ NEIRA	25.10.2019	****5133Z
IRIA GONZALEZ FAFIAN	26.10.2019	****8947S
ALICIA RAMA GARCIA	28.10.2019	****4876M
OSCAR JOSE RODRIGUEZ LOPEZ	29.10.2019	****1718J
NATALIA DOVAL ALVAREZ	30.10.2019	****3286F
DIANA NAVEIRA OTERO	30.10.2019	****3549E
Mª LORENA BURQUE ANTELO	31.10.2019	****8789R
ESTEFANIA VAZQUEZ CRUZ	03.11.2019	****1445K
ANGELA JUSTO RODRIGUEZ	04.11.2019	****1447P
ANA DIAZ LORENZO	06.11.2019	****8068L
PATRICIA CASTRO COLLAZO	06.11.2019	****7043P

**SEGUNDO.-** Publicar a relación definitiva de admitidos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello ([www.muras.gal](http://www.muras.gal))

**TERCEIRO.-** Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo que estará composto polas seguintes persoas:



**Presidente**

Titular: D<sup>a</sup>. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Suplente: D<sup>a</sup> Alejandra Pardo Vázquez, Secretaria do Concello de Cariño.

**Secretario**

Titular: D. Jose Ferreiro Fernandez, Tesoureiro da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D. Sergio Castiñeira López, Responsable coordinador tributos da Deputación de Lugo.

**Vogais**

Titular: D<sup>a</sup> Silvia García López, Psicóloga, Xefa da Sección de Benestar e Igualdade Deputación de Lugo.

Suplente: D. José Ramón Gallego Fernández, Psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de RRHH Deputación de Lugo

Titular: D<sup>a</sup> Iria Lamazares Fernández, Diplomada Traballadora social na Sección de Benestar Social e Igualdade Deputación de Lugo.

Suplente: D. José Nuñez Beloy, ART, Xefe Sección de saúde, seguridade e prevención do servizo de Prevención de Riscos Laborais Deputación de Lugo.

Titular: D<sup>a</sup>. Mercedesw Lamela López, Técnico actividades socio-culturais, Xefa do Servizo de Cultura e Turismo Deputación de Lugo

Suplente: D<sup>a</sup> Ana María Abel Longarela, Licenciada Medicina, Xefa servizo de Prevención de Riscos Laborais Deputación de Lugo

**CUARTO.-** Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

**QUINTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 28 de novembro de 2019 as 10:00 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal.

**SEXTO.-** Sinalar as seguintes datas para a realización das probas de selección:

- 17 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 1º exercicio

- 20 de decembro de 2019, ás 10.00 horas: 2º exercicio

- 8, 9 e 10 decembro de 2019: lecturas do 2º exercicio. O día 20 de decembro se comunicara aos aspirantes o día e hora de lectura que lles corresponde.

- 15 xaneiro 2020, ás 10.00 horas: 3º exercicio

O lugar de celebración das probas será no Local Social do Concello de Muras, sita en Avda. Unión Murense en Muras, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

**SEXTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 21 de novembro de 2019.- Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

R. 3545

**NAVIA DE SUARNA***Anuncio*

**CONVOCATORIA PROCEDUREMTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, DUN PEÓN CONDUTOR E DE DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS A CONTRATAR POLO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA Ó ABEIRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO 2019” DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

**Bolsa AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Nº POSTOS: 2

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas.

DURACIÓN: Cada interinidade como máximo 6 MESES.

**Bolsa PEÓN CONDUTOR**

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo determinado.

DURACIÓN: Ata fin dos traballos, sen que poida exceder de NOVE MESES.

**Bolsa PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS**

Nº POSTOS: 2

